



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL**  
**21.03.2023**

**LUGAR:** Sala Manolo Ramos. 3º andar do edificio Ernestina Otero do Campus de Vigo  
**DATA:** 21.03.2023  
**HORA DE COMEZO:** 12:10  
**HORA DE REMATE:** 14:15

**LISTA DE ASISTENTES**

Atanes Limia, Xosé Manuel  
Blanco Gómez, César  
Calviño Rodríguez, Xulio  
Caparrini Marín, Natalia  
Castro Mouzo, Mercedes  
Cendón Alonso, María Teresa  
Crespo Tobío, Silvia  
Fernández Zunzunegui, Emilio  
Graña Nogueiras, Jesús  
Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo  
Larriba Leira, María Elvira  
Lesmes Romero, Yolanda  
López Fernández, Yolanda  
Macho Senra, Antonio  
Martínez Gómez, César Enrique  
Martíño Gómez, Antonio  
Michinel Álvarez, Miguel Ángel  
Muleiro García, Avelino  
Ojea Bouzo, Armando  
Ortiz Álvarez, Ana María  
Pedrosa Silva, Ernesto  
Pérez Puga, Gerardo Ramón  
Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
Santamaría Conde, Juan José  
Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel

**DESCULPARON ASISTENCIA**

Añel Cabanelas, María Elena  
Mollinedo Lois, Carlos  
Novoa Rodríguez, María Sol

**NON ASISTIRON**

Diz Folgar, Manuel  
García Míguez, María de los Ángeles  
Sánchez Gándara, Rosa María

**SECRETARIO**

Rodríguez Iglesias, Ignacio



O martes, 21 de marzo de 2023, ás 12:10 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

### **ORDE DO DÍA**

- 1.** Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (28.12.2022).
- 2.** Informe do presidente.
- 3.** Informe do reitor.

#### *Propostas informadas favorablemente e acordos da CAS (reunión do 23 de febreiro de 2023)*

- 4.** Aprobación, se procede, da distribución das axudas recollidas na convocatoria de Prácticums do Consello Social, correspondentes a 2023.
- 5.** Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio ao programa "eDestrezas", promovido pola Vicerreitoría de Extensión Universitaria para fomentar as competencias dixitais de alumnado, PDI e PAS.
- 6.** Aprobación, se procede, da proposta de actividades para 2023 do Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo, e da correspondente dotación económica.
- 7.** Aprobación, se procede, da aportación do Consello Social para a organización en Vigo da reunión da Conferencia de Consellos Sociais das universidades españolas.
- 8.** Outros acordos da comisión.

#### *Propostas con informe favorable e acordos da Comisión Económica (reunión do 27 de febreiro de 2023)*

- 9.** Liquidación do orzamento da Universidade de Vigo correspondente ao exercicio 2022, consonte Real Decreto-Lei 14/2012. Carta de avance de auditoría.
- 10.** Aprobación, se procede, da incorporación de remanente de libre disposición ao exercicio de 2023.
- 11.** Aprobación, se procede, do incremento da participación accionarial da Universidade de Vigo no Círculo de Empresarios de Galicia.
- 12.** Elección que proceda dun novo ámbito universitario para a realización dun informe de auditoría operativa de procedementos e sistemas.
- 13.** Asignación de complementos retributivos a profesorado da Universidade de Vigo, por excelencia curricular docente e investigadora correspondente á convocatoria de 2021, consonte as valoracións da ACSUG do 18 de novembro de 2022.
- 14.** Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo en decembro de 2022 e xaneiro 2023.
- 15.** Outros asuntos. Control e seguimento de competencias do Consello Social respecto da xestión do patrimonio da Universidade de Vigo e da xestión de espazos universitarios.

#### *Asuntos remitidos polo Consello de Goberno (reunión do 2 de marzo de 2023)*

- 16.** Informe que proceda sobre o cambio de denominación do centro CINBIO.
- 17.** Aprobación, se procede, dos prezos para os complexos residenciais da Universidade de Vigo no curso 2023/2024.
- 18.** Informe sobre o progreso en rendemento académico do estudantado da Universidade de Vigo.
- 19.** Aprobación, se procede, dos prezos aplicables aos estudos propios dos Programas de Formación Permanente da Universidade de Vigo, para o curso 2023/2024.
- 20.** Rogos e preguntas.

---

*O presidente agradece a asistencia dos presentes, que reciben exemplares da publicación promovida polo Consello Social "Cidades educadoras y creativas", da que é autora Laura López Atrio.*



## **PUNTO 1**

*Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (28.12.2022).*

Pide a palabra Juan José Santamaría para referirse ao que figura no texto do punto 16 da acta que se somete a aprobación, onde se di que o reitor reitera *a petición ao Presidente do Consello Social respecto da presenza en Cidade Universitaria (CUSA)*, e de seguido recóllese que o presidente do Consello Social ... *entende que a súa primeira obriga é estar ao servizo da UVIGO, polo que anuncia que atende a petición do reitor e manterase nos órganos de goberno de CUSA, coa salvagarda de poder pedir nalgún momento un informe xurídico ao respecto, se por circunstancias externas sobrevidas fose preciso e para non prexudicar á universidade...* Juan José Santamaría pide que conste que os membros do Consello Social "temos un Regulamento moi esixente en materia de incompatibilidade e de conflito de intereses, tanto que se non se respecta pode dar lugar á substitución do membro do Consello Social que incorra en incompatibilidades como a do artigo 78 de Lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia." Por elo solicita que se reconsidere a posibilidade de "retirar tais aseveracións mentres, previamente, non requiran o correspondente informe xurídico".

Resposta o presidente que se mantén no recollido na acta, se ben non dá o asunto por pechado e declárase disposto a avanzar na consulta.

- ***Apróbase a acta por asentimento.***

## **PUNTO 2**

*Informe do presidente.*

Principia Ernesto Pedrosa destacando o primeiro informe, que se presenta neste pleno, sobre progreso e rendemento académico do estudiantado –o que lle agradece á vicerreitora Natalia Caparrini- e a organización en Vigo da reunión anual dos Consellos Sociais das universidades españolas, os próximos días 12,13 e 14 de abril, coincidindo cos corenta anos dende a súa creación e máis coa publicación da LOSU. Sobre este asunto informa dos contidos e temas a tratar, anuncia o envío do enlace á web creada con tal motivo e fai unha invitación expresa a participar.

No tocante á LOSU, e admitindo as críticas, os defectos e a desconfianza con que está sendo recibida, enfoca un primeiro análise dende o lado positivo, polas cuestións novidasas que aborda e, sobre todo, porque achega tempos importantes para os Consellos Sociais ao abrir amplos espazos de intervención ás Comunidades Autónomas, "moitas portas abertas que nos permitirán negociar e definir competencias, o modelo de representatividade e a capacidade que terá a sociedade no goberno e na xestión das universidades". Engade que a partir de agora os Consellos Sociais "serán o que consigamos nesa negociación, e temos moito campo de mellora".

Reflexiona de seguido sobre as baixas taxas da UVigo, o tempo de duración media que tardan os estudantes en rematar as carreiras, a proporción de graduados que cursan un máster ao acabar os graos, e o forte descenso de alumnado que se prevé no futuro inmediato (que en Galicia suporía pasar de 12 mil estudantes que chegan cada ano ás universidades a cinco mil no horizonte de 2050).

Remata felicitando a Manuel Diz Folgar, coordinador do proxecto UVigo SpaceLab, que acaba de efectuar o lanzamento da súa primeira misión espacial. Felicita igualmente a Juan José Santamaría Conde, que recentemente tomou posesión como académico correspondente na Real Academia de Farmacia de Galicia, onde se lle recoñece a súa aportación á Farmacoeconomía, dentro da Economía da saúde, no ámbito tanto académico e profesional como asesor económico e xurídico.

Por último, cita e agradece o cumprimento dos oito membros que asistiron a todos os plenos de 2022, e o fai extensivo "a cantos non o puideron facer por circunstancias insalvables ou imprevistos que llo impediron, como houbese sido o seu desexo".

*(Antes de continuar co Pleno anuncia que o informe do reitor trasládase ao final da sesión, dado que se incorporará máis tarde por unha cita inaprazable á que foi convocado en Santiago).*

Ernesto Pedrosa sintetiza os puntos remitidos dende a Comisión de Actividades e Servizos dando lectura aos resúmenes recollidos na documentación do punto 8.



#### **PUNTO 4**

*Aprobación, se procede, da distribución das axudas recollidas na convocatoria de Prácticums do Consello Social, correspondentes a 2023.*

Expón o presidente as cifras máis significativas, entre elas, que se rexistrou nesta edición o número máis alto de solicitudes (14) e que a principal novidade é que non se poderán facer pagos directos ao alumnado.

- ***Apróbase a distribución.***

#### **PUNTO 5**

*Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio ao programa "eDestrezas", promovido pola Vicerreitoría de Extensión Universitaria para fomentar as competencias dixitais de alumnado, PDI e PAS.*

Enfocado inicialmente a mellorar as competencias dixitais do estudiantado da UVigo, que posteriormente se estendería tamén ao PDI e ao PAS. O desenvolvemento do programa cobrou gran aceptación dende que se optou pola docencia íntegra en remoto.

- ***Apróbase a aportación de 12.000 € para os cursos do primeiro cuadrimestre 2023-2024.***

#### **PUNTO 6**

*Aprobación, se procede, da proposta de actividades para 2023 do Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo, e da correspondente dotación económica.*

Explica o presidente que na actualidade, os resultados son demandados por varios centros e áreas da UVigo, e contribúen de xeito insubstituíble a completar os informes anuais de calidade e a cumprir os requirimentos que demandan os rankings universitarios nacionais e internacionais. Subliña que cada actividade terá unha dotación económica da que se dará conta de forma pormenorizada en cada momento e lémbrale á Xerencia que está pendente de establecer unha revisión do procedemento aplicado a esta iniciativa.

- ***Aprobase a asignación global de 25.000 € para a realización dos traballos.***

#### **PUNTO 7**

*Aprobación, se procede, da aportación do Consello Social para a organización en Vigo da reunión da Conferencia de Consellos Sociais das universidades españolas.*

Manifesta o presidente que a coincidencia de que se cumpran 40 anos da existencia dos Consellos Sociais, desde que foran creados pola LRU, induce a analizar a evolución durante estas catro décadas, ademais de propiciar un programa con mesas de traballo, sesións técnicas e relatorios para falar, entre outros asuntos, da educación superior no contexto global de Europa, os novos retos e obxectivos que propicia a recen aprobada LOSU, e o impacto do Camiño Xacobeo no ámbito académico, na difusión e xeración do coñecemento, e na configuración das universidades do futuro.

- ***Apróbase unha asignación máxima de 20.000 €, da que se dará conta ao remate.***

#### **PUNTO 8**

*Outros acordos da comisión.*

Achégase un resumo de todos os puntos tratados na Comisión, tanto os que se elevan ao Pleno como os que non o precisan pero dos que tamén se dá conta.

- ***O Pleno dáse por informado.***

Toma a palabra Juan Manuel Vieites para dar conta dos puntos elevados ao Pleno pola Comisión que preside. Resalta que a liquidación do Orzamento da UVigo axústase ao que indican os números e faise con criterios de prudencia. Efectúa unha breve reflexión sobre cada un dos puntos, o procedemento seguido e os acordos concretos adoptados. Ofrece disposición a negociar dende a Comisión cos responsables



económicos da UVigo, os asuntos que requiran un debate previo ou unha tramitación que implique ao Consello Social, en aras de acadar consensos e ser operativos

### **PUNTO 9**

*Liquidación do orzamento da Universidade de Vigo correspondente ao exercicio 2022, consonte Real Decreto-Lei 14/2012. Carta de avance de auditoría.*

A xerente introduce unha presentación gráfica das principais cifras da liquidación provisional do orzamento: resumo de ingresos e gastos, resultado orzamentario e cadro de remanente do exercicio. Afirma que o informe previo do auditor sobre os estados referidos dá por válidos os datos e a liquidación provisional, e que respecto ao Remanente de Tesouraría, á data do documento, a UVigo o ten formulado resultando positivo, polo que considera que non terá efectos de suspensión ou reforma no seu orzamento do exercicio 2023, en cumprimento do disposto no Real Decreto-Lei 14/2012 e que obriga ao Consello Social.

Engade Yolanda Lesmes que a UVigo non ten problema de financiación e está nunha situación de tranquilidade.

Juan José Santamaría interésase, entre outras materias, por como se mide a produtividade do PAS que recibe incentivos ao rendemento, e os motivos polos que reciben gratificacións.

Tamén apunta que, de acordo coa presente liquidación, non existen, a 31.12.2022, obrigacións pendentes de pagamento, e pregunta "como se explica, pois, que despois aparezan gastos en exercicios seguintes imputados a anos anteriores, co que se obriga ao persoal a rectificar en anos posteriores as declaracións de IRPF xa realizadas por diversos atrasos que cobran en anos seguintes e que, supostamente, a Universidade contabiliza como dispensa do ano no que se fai o pagamento, pois as Contas á que corresponde o débito xa están liquidadas e aprobadas". Engade que nestes casos, a Axencia Tributaria permite que tales atrasos se imputen ao exercicio no que efectivamente se abonan, sendo esta unha discrepancia que este conselleiro mantén cos Servizos de Persoal da UVIGO.

A xerente dá resposta a estas e a outras cuestións expostas sobre gastos diversos e sobre o que o propio Santamaría Conde cualifica como "desaxustes" nas cifras de obrigas pendentes de pagamento.

Juan José Santamaría diríxese de seguido ao presidente da Comisión Económica para preguntarlle se non sería preferible, "por vez de encargar auditorías de contas encargar revisións selectivas diferentes cada ano, comezando polo Inventario". Lembra que, de acordo co artigo 7 do Regulamento, o Consello Social debe recibir, no primeiro trimestre do ano, una relación actualizada do Inventario dos bens que integran o patrimonio da UVigo. Igualmente ve importante recibir información sobre a Contratación e a súa suxeición á legalidade aplicable sobre contratación pública.

Juan Manuel Vieites convén co exposto e toma nota das suxestións, aclarando que precisamente a Comisión decidiu facer unha próxima auditoría operativa sobre a Intervención.

• ***Apróbase a liquidación do orzamento da UVigo correspondente a 2022 nos mesmos termos que a Comisión.***

### **PUNTO 10**

*Aprobación, se procede, da incorporación de remanente de libre disposición ao exercicio de 2023.*

Expón a xerente que por unha banda trátase da necesidade de xerar crédito dende o remanente libre para atender aos proxectos de eficiencia enerxética concedidos polo INEGA, para os que se recibirá subvención que deberá xustificarse ao final, sendo preciso executalos para poder realizar as actuacións, que desagrega, por un importe total de 456.178,90 €.

Por outra parte, tras a creación das novas unidades estratéxicas de investigación AEI, tamén se fai necesario incorporar remanente de libre disposición do programa soporte que é substituído pola AEI, con un importe de 750.000 €

• ***Apróbase por asentimento.***



### **PUNTO 11**

*Aprobación, se procede, do incremento da participación accionarial da Universidade de Vigo no Círculo de Empresarios de Galicia.*

Yolanda Lesmes argumenta a proposta subliñando a situación de partícipe que xa ten a UVigo, as circunstancias da operación e o custe, e o valor estratéxico que ten a entidade para a UVigo.

- ***Apróbase por asentimento.***

### **PUNTO 12**

*Elección que proceda dun novo ámbito universitario para a realización dun informe de auditoría operativa de procedementos e sistemas.*

Dá conta Juan Manuel Vieites da proposta da Comisión, consistente en que a auditoría operativa deste ano se faga sobre "Procedementos levados a cabo na xestión dos activos patrimoniais da Uvigo, concretamente sobre os elementos do inmovilizado material", e a seguinte sobre Inventario.

- ***O Pleno aproba a proposta.***

### **PUNTO 13**

*Asignación de complementos retributivos a profesorado da Universidade de Vigo, por excelencia curricular docente e investigadora correspondente á convocatoria de 2021, consonte as valoracións da ACSUG do 18 de novembro de 2022.*

Á vista da documentación remitida, na que se contén a resolución de acordos favorables da ACSUG ás persoas solicitantes,

- ***O Pleno aproba a asignación.***

### **PUNTOS 14 e 15**

*Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo en decembro de 2022 e xaneiro 2023.*

*Outros asuntos. Control e seguimento de competencias do Consello Social respecto da xestión do patrimonio da Universidade de Vigo e da xestión de espazos universitarios.*

Respecto de ambos temas refire o secretario que, pese a non requirir aprobación do pleno, son relevantes, porque reflicten o seguimento do Consello Social sobre cuestións da súa competencia e que requiren estar pendentes de xeito periódico da súa evolución. Engade que a información solicitada polo Consello Social e remitida pola universidade conforma unha opinión necesaria e valiosa sobre asuntos que, non sendo do día a día, revelan o proceder e a relación da institución universitaria co seu entorno.

Na documentación que se achega do primeiro punto dáse conta da doazón, libre de cargas e gravames, de equipos e materiais da Fundación biomédica Galicia Sur, por un importe de 12.312,3 €, ao grupo de investigación Healthyfit, da UVigo, con sede na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte (Campus de Pontevedra).

No segundo punto o informe da Xerencia aclara que ao longo de 2022 foron concedidas as dispensas de pago do canon para 27 actividades a 24 entidades, nos tres Campus.

- ***O Pleno dáse por informado.***

### **PUNTO 16**

*Informe que proceda sobre o cambio de denominación do centro CINBIO.*

Aclara o secretario que se trata dunha proposta do Comité Científico Asesor á Comisión Reitora de Centros de Investigación para cambiar o nome de Centro de Investigación Biomédica (CINBIO) polo de Centro de Investigación en Nanomateriais e Biomedicina (CINBIO), polo que se mantén o acrónimo. A solicitude que se presenta ante o Consello Social está remitida pola vicerreitora de Investigación, transferencia e innovación.

- ***Apróbase por asentimento.***



### **PUNTO 17**

*Aprobación, se procede, dos prezos para os complexos residenciais da Universidade de Vigo no curso 2023/2024.*

Consonte a documentación que se achega, sométense a aprobación os prezos, condicións e modalidades de aloxamento para estancias por curso completo, mensuais, semanais ou diarias, tanto en O Castro como en As Burgas, aplicando o incremento do IPC interanual de decembro (o 5,7%).

- ***Apróbase por asentimento.***

### **PUNTO 18**

*Informe sobre o progreso en rendemento académico do estudantado da Universidade de Vigo.*

A vicerreitora Natalia Caparrini presenta o informe, consonte o artigo 14 da Normativa de permanencia e progreso nas titulacións oficiais da UVigo aprobada polo Consello Social o 12 de xuño de 2017. Esta normativa determina as circunstancias nas que o estudantado non poderá continuar estudos na mesma titulación da UVigo, ben porque non supere un mínimo de ECTS ou ben porque esgote as convocatorias dunha materia sen superala. Pero nestes casos os afectados poderán recorrer ante a Comisión de permanencia e progreso para xustificar e acreditar causas de forza maior que afectasen o seu rendemento académico.

A vicerreitora informa das solicitudes de permanencia presentadas durante os últimos cursos, tanto en titulacións de Grao como de Mestrado, sendo aceptadas con carácter xeral as que aportan documentación xustificativa por motivos de saúde, laborais, de coidados de familiares ou deportistas, pero esixíndoselles superar un número determinado de créditos e as materias co límite de convocatorias esgotadas. A modo de exemplo, no curso 2022/2023 foron aceptadas 90 das 129 solicitudes de Grao (o 70%), e as 5 de Mestrado (o 100%).

- ***O Pleno dáse por informado.***

### **PUNTO 19**

*Aprobación, se procede, dos prezos aplicables aos estudos propios dos Programas de Formación Permanente da Universidade de Vigo, para o curso 2023/2024.*

- ***Apróbase por asentimento.***

*O presidente cede neste intre a palabra ao reitor, quen pide desculpas e explica os motivos polos que foi convocado a unha reunión en Santiago e que retrasaron a súa incorporación ao Pleno.*

### **PUNTO 3**

*Informe do reitor.*

Como compromiso do pleno anterior, principia Manuel Reigosa informando de como evolucionou a ocupación das residencias universitarias, dende 2017 ata a 2022. Neste último ano a ocupación acadou o 100% tanto en O Castro (218 residentes) como en As Burgas (203 residentes).

En canto a infraestruturas explica que a UVigo recibiu 3,1M€ da Xunta para o plan plurianual. Informa do estado no que se atopan o edificio para Aeroespacial, o anteproxecto da ETEA e a cesión de terreos en TAFISA, e sinala como obxectivos pendentes negociar coa Xunta a maior cesión posible de espazos na antiga ETEA, a cesión do edificio Siemens pola Zona Franca, e a posibilidade aberta para que o actual Hospital provincial de Pontevedra pase a ter usos universitarios tan pronto se traslade. Engade que o Consello de Campus está a favor da cesión, e que se trata dun espazo que "nos permitiría facer moitas cousas e mesmo mover algunha titulación cara á cidade".

Tamén respecto de Pontevedra repasa as necesidades do Campus (entre elas novos edificios e espazos e a posibilidade dunha residencia universitaria) e posibles combinacións para ampliar ou recolocar titulacións e facultades.

No tocante a xestións, xuntanzas e negociación subliña, entre outras varias, a posta en marcha do Portal da Investigación da UVigo; o convenio coa Deputación de Ourense que inclúe unha nova Cátedra





para o desenvolvemento do rural; o financiamento do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía para centros como Cintex e AtlanTTic ou o recen creado Instituto de Agroecoloxía e Alimentación. E no capítulo de recoñecementos cita o Premio Nacional de mellor tradución a Helena Cortés; e o Premio Nacional de investigación, en Enxeñaría e Arquitectura, a Belén Riveiro.

## **PUNTO 20**

### *Rogos e preguntas.*

Sobre a posibilidade de que a UVigo dispoña do edificio do actual Hospital de Pontevedra, César Martínez apunta a conveniencia de evitar tensión e polémica, tendo en conta que o goberno local ten pensado outros usos para ese edificio. Manuel Reigosa resposta que no Consello de Campus están todas as sensibilidades e pronunciouse de xeito unánime a favor de aceptalo, asemade que o edificio é bastante grande "para chegar a acordos".

Xosé Manuel Atanes agradece ao reitor o informe de ocupación das residencias e incide en que o aloxamento é un grave problema para o estudiantado, polo que pide unha política de prezos máis razoables, e maiores facilidades para acceder aos alugueres.

Juan José Santamaría interesa resposta do reitor sobre se a Reforma Laboral última suprimiu o contrato laboral para a formación dual universitaria, e tamén sobre a posibilidade de que a Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial (AESIA), que vai ter a sede na Coruña, poida ter delegacións ou sucursais noutras localidades, como é o caso de Ourense, dadas as sinerxías que propiciaría tal presenza no Campus. O reitor contesta, no primeiro caso, que está pendente do desenvolvemento autonómico da normativa, e en canto ao segundo afirma que se estudiarán todas as posibilidades, que as tres universidades van xuntas neste tema e que dentro do modelo establecido non ve viable que haxa delegacións.

De novo Juan Santamaría, á vista "das contradicións existentes entre o Rexistro Mercantil e o da Propiedade, compre esclarecer e resolver as anomalías que afectan a CUSA, que ten a sede no Centro Comercial da UVIGO e a Residencia de Estudantes O CASTRO e figuran situadas, nalgún destes Rexistros, nos terreos do antigo CUVI, hoxe Facultade de Filoloxía e Tradución". Pregúntase se tal Facultade, terreos e construción, son bens patrimoniais da Consellería de Educación ou da Universidade de Vigo, e ofrece na procura de solucións para estas contradicións "que son froito de como se lle cederon os terreos do Campus á Universidade e na forma en como a propia Universidade fixo cesións do dereito de superficie en localizacións nas que aínda non era propietaria ou titular dos terreos expropiados no seu favor".

Tamén sobre CUSA advirte que se acumulan perdas en 2022 similares ás de exercicios anteriores, e apunta se tal vez en 2023 ou 2024 terá que reducir capital, se as perdas acumuladas alcanzan un terzo do capital social, "e cando alcancen o 50 % do mesmo, terá que disolverse". Pregunta por que non se fai un estudo de viabilidade futura e senón por que non se expón a súa disolución.

Por ultimo reitera a súa opinión contraria á participación de membros do Consello Social en órganos e entidades participadas pola Universidade, "por ser incompatible co desempeño de cargos directivos en empresas ou sociedades que contraten coa Universidade, así como coa participación superior ao 10 % no seu capital social, coa excepción dos contratos previstos no artigo 83 da LOU e 78 da Lei 6/2013, de 13 de xuño, do SUG".

Engade que a participación doutros membros deste Consello Social en órganos da UVigo ten "que ser entendida como a de elementos de transparencia, non de implicación nun ente que goza do dereito fundamental á Autonomía das Universidades do art. 27 da Constitución. Polo tanto, se votan, poñamos por caso, no Consello de Goberno, no caso de conflito de intereses, deben absterse de votar aquí ou, se prefiren votar aquí, deben deixar constancia da súa abstención no Consello de Goberno como nas Comisións e outros órganos da UVigo nos que estea representado o Consello Social". Afirma que "nun e noutro caso deben saber que poden ser recusados nos termos do artigo 24.1 e 2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como tamén pode ser recorrida a presenza do presidente do Consello Social en entes instrumentais da UVigo".

Remata a intervención agradecéndolle ao presidente as súas "agarimosas palabras" pola incorporación á Real Academia de Farmacia de Galicia.

Replica o reitor que no caso das contas de CUSA hai unha parte que vai ben, aínda que admite que "non temos claro o futuro". Sobre as incompatibilidades declara que o presidente do Consello Social é membro de CUSA porque así se recolle nos propios estatutos, e manifesta que se a lei establece que un é





membro de varios órganos non tería sentido non votar o mesmo en todos eles, "eu mesmo son membro nato de varios órganos e voto igual en todos". Afirmo que non ve conflito de interese, e que "o que se debe coidar é que as cousas se fagan ben", e remata subliñando que "débese mudar unha visión censora do Consello Social por unha visión colaboradora".

Ernesto Pedrosa subscribe o dito polo reitor e declara que se valorará a situación e tomaranse as decisións que correspondan.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:15 horas do 21 de marzo de 2023, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e Pr.,  
O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias